

Paco Martín: "Ramón Lamote axudoume a pagar o pufo de comprar piso"

Etiquetas: Paco Martín, literatura, novela, entrevista, homenaxe, Lugo

25/06/2011 - Marta Veiga / El Progreso (Lugo)

A Asociación de Escritores en Lingua Galega réndelle este sábado homenaxe ao escritor Paco Martín, lugués de 1940 e pai de Ramón Lamote. Comezarán os actos ás 11.30 horas coa plantación dun carballo na Praza da Horta do Seminario e o descubrimento dun monolito. Pasado o mediodía, o programa continuará no salón de plenos do consistorio lucense.

PACO MARTÍN conta que estivo morto «só unha vez», hai máis de trinta anos. Daquela foi operado en Santiago «a vida ou morte» dun tumor que tiña arredor da médula. E ata hoxe. Ninguén diría que a este home fraco lle faltou algunha vez a saúde, á vista da súa vitalidade rebasados os setenta anos.

Vostede é mestre e escritor, que é unha constante en outros lugueses da súa xeración. Que lles deron de comer para que fose así?

O malo foi o que non comimos! O certo é que os que nos dedicabamos ao Maxisterio víamonos sen material. Tíñalo que facer ti. Era un xeito de devolverlles aos rapaces o que che daban.

A Normal de Maxisterio foi durante décadas a única opción para seguir estudos en Lugo...

E o Seminario! E iso que eu debo de ser o único da miña xeración que non pasou polo Seminario! (Risas). Ser mestre era a única saída. Eu estiven no País Vasco un tempo e debía haber 15 mestres vascos en todo Euskadi; eramos galegos, algún zamorano... Gañábase máis nunha fábrica e eles tiñan.

E como se achegou ás letras?

Cando tes poucos recursos e queres formarte tes que ler. Ir ás bibliotecas a ler, non a estudar como agora. Ías ao cine... Nos escritores da miña xeración hai moita influencia da linguaxe do cine.

E no seu caso?

Eu souben que había unha biblioteca que prestaba libros. Na miña casa de Magoi non os había. O primeiro que pedín foi 'El Lazarillo'. Eu lera un cacho —penso que o do cego— nunha antoloxía en primeiro ou segundo de Bacharelato. Vin que era un libro delgadoño e lino unha chea de veces. Aínda o leo unha vez ao ano, igual que 'A illa do tesouro'.

Pegoulle forte, logo?

A miña nai preguntábase: «A este cativo que lle pasará?». Eu conteille a miña nai 'El Lazarillo' con personaxes da nosa contorna, de Magoi... Aí prendín.

Foron aquelas as súas primeiras fabulacións?

Pois ao mellor si. Ou as de buscar unha desculpa para explicarlle a miña nai as escapadas ao río. Decía Mark Twain que os escritores teñen tanto respecto pola verdade que a empregan o menos posible. Polo demais, a miña nai sempre tivo claro que eu era un rapaz guapo, aínda que moi delgadoño.

Foi o editor Manuel Bragado quen acuñou o de xeración Lamote...

Foi por unha foto que nos fixo Lobato a Agustín Fernández Paz, a Xabier Docampo e máis a min no enterro de Manuel María.

Tres señores de Lugo...

Tres señores de Lugo e unha señora de Pontevedra, que é Fina Casalderrey, a quen tamén aceptamos como luguesa (Risas).

Todos con cadanseu premio Nacional de Literatura Infantil.

Así é.

E que lle parece ao señor Lamote?

Cando escribín 'Das cousas de Ramón Lamote' a miña intención non era facer un libro para nenos. Eran principios dos 80 e coído que no xogo literario galego estabamos a pasarnos de trascendentes. E quixen facer algo un pouco rompedor, que xogase un pouco co humor, que é a arma máis efectiva.

E logo viñeron os premios...

O porqué de presentarme ao premio Barco de Vapor foi ben curioso. Botábanme do cuarto no que vivía de aluguer. E pedín os cartos na Caixa para comprar un piso. E prestáronnos, que daquela facían con todo o mundo. Pero logo me vin cos gastos do notario, con outras cousas... Eu pedira os cartos xustos... Convocaron o premio e rematei o libro e mandeino.

Así que Lamote deulle un fogar.

E axudoume a pagar o pufo dos cartos que pedira.

E máis cousas...

Un día estaba comprando roupa coa muller —lévame á forza— e unha señora díxome: «Leuno a miña neta no colexio; logo o meu fillo e el pasoumo a min». É fantástico que un libro sexa capaz de gustarlle a varias xeracións. Lamote tivo un grande éxito en Suramérica. Hai un señor Ramón Lamote en Tortosa, encantador, que veu a verme a Lugo. E preguntáronme se Lamote era de Oviedo, de Salamanca... Iso non quere dicir que Lamote sexa universal, senón que Lugo é o centro do universo!!!

E hai 25 anos gañou con Lamote o Nacional de Literatura Infantil.

Eu non sabía que existía ese premio. Presentaron o libro os editores. Nunca un libro escrito en galego levara un premio Nacional. Aínda non saíra a edición en castelán. De alí a uns meses Alfredo Conde gañou outro co 'Grifón'...

Malia o prestixio da literatura infantil galega, cada vez se escoita menos galego nos nenos das cidades galegas e iso que Lugo aínda é unha das prazas resistentes...

Existe unha clara política de desfacerse do galego; é algo que sobra e vén polo acceso aos postos políticos de ignorantes e mala xente. E vén por un sentido de envexa bestial; de xente que non ten máis remedio que agarrarse a unha cousa para superar un complexo de inferioridade... E aí está o sentido «más peyorativo» de Rosa Díez.

E non é un fracaso colectivo a perda de falantes?

É un fracaso como pobo e iso que non somos un pobo para coller como exemplo. E isto é malo para nós e é malo tamén para os que non son galegos.

E cal é a receita que ofrecería para seducir novos falantes?

Naqueles anos teóricos da loita eu tiña unha consigna: os mestres que defendemos o galego temos que ser os mellores de cada centro, os máis traballadores, que os pais o vexan. Ser tamén mellores persoas; é fácil ser mellor persoa cós detractores do galego.



«As mulleres teñen que entrar na Academia e non porque sexan mulleres ou por cotas»

«A educación non é dos pais nin da escola: a educación é da sociedade; educa a tribo», incide Paco Martín. Engade o escritor de Lugo que o da «imposición do galego que tanto repiten algúns» é tanto como dicir que se impón «que tres por catro son doce», antes de contestar unhas preguntas sobre a Real Academia Galega (RAG).

Está ao tanto do manifesto ‘Xogo das cadeiras’, que reivindica unha meirande presenza feminina na Real Academia Galega?

A verdade é que non sei como funciona a Academia. Non é unha academia da lingua ou de escritores; é híbrida. Independentemente diso, as mulleres teñen que estar. E non porque sexan mulleres ou por unha cuestión de cotas; senón porque son a metade da sociedade galega e aí está o seu traballo.

Reflexionaba Santiago Jaureguizar que, malia que a infantil e a xuvenil é a literatura galega máis premiada, tampouco ten unha grande presenza na sede da coruñesa Rúa das Tabernas...

As tabernas gústanme, pero non me interesa tanto a Rúa das Tabernas (ri). Aprezo e valoro o traballo que fai a Real Academia Galega. Sobre todo agora e non tanto antes. A Academia reaccionou con decisión cando a lingua foi atacada violentamente no decreto do galego e, ademais, o actual presidente é amigo meu..